



## **NOTA INFORMATIVA SOCIOS ANPA 2024-25**

Estimadas familias:

Dende a ANPA do CEIP Plurilingüe Torre Cela, queremos darvos a benvida a este novo curso escolar.

Para os que xa estades pensando en facervos socios da ANPA, adxuntamos a información de cómo facer. E para os que aínda estades dudando, gustaríanos invitarvos a participar, posto que dende a ANPA colaboramos activamente nas actividades do centro e promovemos servicios de conciliación tan importantes para as familias como son o Plan Madruga, Comedor ou as Extraescolares.

### **¿Cómo facerse socio?**

Para facerte socio da ANPA é necesario:

- **Paso 1:** Descargar e imprimir a [ficha de inscrición](#). Cumprimentar e firmar o documento sin olvidar marcar a opción deseada nos permisos de comunicación e imaxe.
- **Paso 2:** Aboar a cota de inscrición. Facer o **pago da cota de socio anual de 20€ en forma de pagamento único para todo o curso e por unidade familiar**, independentemente do número de fill@s que teñades no centro. O ingreso farase na conta que a ANPA ten no BANCO SANTANDER, indicando claramente o nome e apelidos do alumno/a.

**CONTA Nº:** ES40 0238-8278-96-0602657524

**CONCEPTO:** COTA + NOMBRE e APELIDOS do ALUMNO

- **Paso 3.** Entregar a ficha de inscrición. Este ano poderase entregar ao titor no cole, enviala por email a [anpaceiptorrecela@gmail.com](mailto:anpaceiptorrecela@gmail.com), ou ben facendo entrega en man a algún membro da directiva.

O prazo para inscribirse como socio **é ata o 1 de outubro.**



## **NOTA INFORMATIVA SERVICIOS ANPA 2024-25**

Estimadas familias:

Dende a ANPA do CEIP Torre Cela, queremos informaros que como en anos anteriores a ANPA, en colaboración co Concello de Bueu, seguirá xestionando o funcionamento do comedor e do plan madrugada no colexio, servizos que pensamos son básicos para permitir a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais.

Estes servizos estarán dispoñibles desde o primeiro día de clase (11/09/2024) para tódolos alumnos do centro previamente inscritos segundo se explica a continuación.

**IMPORTANTE:** Para a utilización deste servizo (COMEDOR E PLAN MADRUGA) **é necesario ser socios da ANPA.**

Para poder organizar mellor o servizo de comedor, solicitamos que todo aquel que teña claro facer uso do comedor de forma habitual (fixo ou fixo discontinuo) **faça a inscrición o antes posible** (aínda que sexa para apuntarse a partir de outubro ou novembro...) coa finalidade de organizar as mesas e os sitios dos nenos no comedor.


### **\* Tipo de Usuarios:**

- **Fixos:** Son aqueles que fan uso do servizo tódolos días.
- **Fixos discontinuos:** Aqueles que aínda non usando tódolos días teñen un calendario fixo (exemplo: tódolos luns e xoves)
- **Esporádicos:** aqueles que fan uso do comedor puntualmente por días soltos.

## CÓMO INSCRIBIRSE NO PLAN MADRUGA e SERVIZO DE COMEDOR

O servizo de Plan Madruga e de Comedor escolar estará prestado pola empresa GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS, S.L. coma en cursos anteriores.

### Información de contacto CATERING ARELAS:

	<p><u>Teléfonos do Catering ARELAS:</u></p> <p><b>986 408 151 - 655 299 847</b></p> <p><u>Correo electrónico:</u> <a href="mailto:calidad@arelas.es">calidad@arelas.es</a></p>
---	--

### Instrucións de ALTA como usuario para o curso 2024-25:

Para darse de alta no comedor distinguiremos en:

- **Usuarios Novos:** Aqueles alumnos novos ou que nunca fixeran uso do comedor ou madruga en cursos anteriores deberán:
  - Cubrir a [Solicitud de Alta](#).
  - Informar sobre as **alerxias ou intolerancias alimentarias** do usuario **achegando o correspondente Certificado Médico**.
  - Este curso deberá entregarse a documentación (Solicitud de alta e Certificado Médico se fose necesario) preferentemente escaneada ao email: [calidad@arelas.es](mailto:calidad@arelas.es) ou en papel no centro.
- **Usuarios en cursos anteriores:** Os alumnos que xa fixeran uso do plan madruga ou do servizo de comedor en cursos anteriores, simplemente terán que darse de alta chamando aos teléfonos de contacto do Catering (**986 408 151 - 655 299 847**) ou enviando email a [calidad@arelas.es](mailto:calidad@arelas.es). **Importante: se houberse algunha modificación nos datos respecto o ano pasado deberán actualizalos sin olvidar alerxias e intolerancias que puidesen aparecer dende o curso pasado.**
- Todos os usuarios novos ou antigos deberán cubrir os seguintes documentos e entregalos con antelación:
  - [Autorización para a recollida de menores](#).
  - [Declaración responsable madruga e comedor](#).

**Instrucións de uso puntual** (unha vez que o nenos está dado de alta como usuario)

1. Para comunicar un uso esporádico ou unha falta de asistencia (que un neno/a vaia comer ou vaia deixar de facelo) debe avisarse a lo menos con 24 horas de antelación, é dicir **antes das 17:00 h do día anterior, chamando ao teléfono de "Arelas" 986 408 151.**
2. É necesario tamén, avisar aos profesores do centro para organizar a recollida dos nenos polas coidadoras, a través das axendas se a tiveran ou do **teléfono do colexio é 886 151 111.**
3. No caso de que teña que ir algunha persona a recoller ao neno á saída do comedor que non sea das autorizadas ao inicio do curso, deberá entregarse con antelación (ou o mesmo día) a [Autorización de recollida á saída do comedor](#).

## INFORMACIÓN DO PLAN MADRUGA

- **Horario:** de 7:45 h. a 9:30 h.
- **Lugar:** Edificio Anexo de Vivendas. Planta Baixa
- **Período de Funcionamento:** Comeza o primeiro día de clase e a finaliza o día de fin de curso.

- **Empresa prestataria:**  arelas catering  
Grupo Galego
- **Monitora:** Charo.
- **Prezos:** O custo do plan madruga divídese en dúas partes:

Servicio de garda + Almorzo (opcional)

TABLA DE PRECIOS SERVICIO DE GARDA PLAN MADRUGA	
CUOTA COMPLETA	ESPORÁDICOS
30€ CON ALMORZO	2.50€ CON ALMORZO
25€ SIN ALMORZO	2.00€ SIN ALMORZO
<b>Os pagamentos cargaranse no nº de conta facilitada na ficha entregada ao catering</b>	<b>O cobro farase no momento de deixar o neno/a.</b>

PREZOS SERVICIO DE ALMORZO
Os gastos do almorzo achegaranse ao final de mes con recibos persoais que se aboarán á monitora. Os usuarios esporádicos aboarán o custo o memos día.

### O ALMORZO

O almorzo consiste en leite (con cacao ou non), zumo de frutas e cereais, galletas ou magdalenas. Tamén haberá fruta de temporada dispoñible.

## INFORMACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

- **Horario:** de 14.30h a 16.00h.
- **Lugar:** Edificio Anexo de Vivendas. Planta Baixa
- **Período de Funcionamento:** Comeza o primeiro día de clase e a finaliza o día de fin de curso.

- **Empresa prestataria:**



- **Monitora:** Charo.

- **Prezos:** O prezo por menú é de 3.80€ para os socios da ANPA. As formas de pago son:

- Os fixos ou fixos discontinuos: O día 5 do mes seguinte ó do uso do servizo de comedor, domiciliarase o recibo na conta indicada no impreso de inscrición. Se o recibo fose devolto polo banco, a familia terá que facer efectiva a cantidade resultante da suma do recibo devolto máis os gastos de devolución.

- Os comensais esporádicos: O abono poderá ser na conta indicada no impreso ou abonalo inmediatamente co servizo.

- **O Menú:** O menú componse de Primeiro + Segundo + Postre. Tódolos meses se publica na web do cole o menu mensual, dentro do apartado [Comedor](#). Igualmente tamén se publica no facebook da ANPA e no taboleiro do Cole.

Un saúdo.

A directiva da ANPA do CEIP da Torre-Cela.

Cela, 1 de setembro de 2024